



EL ASESINO DE SARGADELOS

Cristóbal Ruitiña

CARTA BLANCA

El asesino de Sargadelos

Cristóbal Ruitiña

Primeira edición: setembro 2025

© Cristóbal Rutiña Testa

© IMPRONTA

Cura Sama, 8 -4º

33202 XIXÓN

info@improntaeditorial.com

improntaeditorial.com

www.facebook.com/ImprontaEditorial

Cuberta, deseño e maquetación: Marina Lobo

ISBN 979-13-990473-5-6

D.L.: AS 01405-2025

Fotomecánica Principado

Col axuda da Consejería de Cultura, Política Lingüística
y Deporte del Principao d'Asturias

A Leonila Pérez Álvarez San Martín

In memoriam

Os piores anos da mía vida foron tamén os miyores. Acababas de morrer. Ou máis ben de suicidarte, anque eso de tirarte en coche dende el viaducto da Concha d'Artéu pasara pa todo el mundo como un accidente. Pro eu ben sabía que non, que nun fora un descuido, que nun te durmiras ou que nun te distraera el móvil, como apuntaran al principio os investigadores. Era simplemente que nun superaras el da nena, aquel diagnóstico incomprensible qu'os médicos acabaran reduciendo a siglas e nosoutros a úa espresión demasiado vaga, líquida: enfermédá rara. Así nos entendíamos todos miyor. Os médicos tamén, anque a lo primeiro aneciaran nas súas siglas, y a familia —desconcertada e supersticiosa, ¿por medo de que yes fora tocar a eles tamén?— y hasta os del seguro, que tentaran de nun pagar el del tou accidente tratando de presentalo como, según el frío linguaxe burocrático, úa autolesión consecuencia d'úa depresión posparto.

Pro al cabo pagaron e por eso tamos aquí en Penafonte, outra vez, ela y eu, que —y eso teño que reconcelo— xa taba algo farto de que nada máis me chamaran da bolsa pa trabayar us meses cada dous ou tres anos. Aquí facemos úa vida que nun consiste máis qu'en mirar el ún pol outro. Eu máis por ela, claro. Pro ás veces penso qu'ela tamén s'esmole por min. Pa empezar, nun me bota en cara que pasara meses sin querer facerme cargo d'ela. Y eso xa é muito. Agradézoyo, vaya se yo agradezo. Por aqueles meses tamén anduvera por Penafonte, perseguindo úa pantasma, como dicían tous padres, que me chamaban ás ve-

ces pa ver cuándo m'iba encargar da nena. Pro eu tía que despedirme de ti antias d'empezar esa vida nova. E nun sabía cómo.

Al cabo decidín que nun facía falta despedirme se che podía seguir escribindo. Y escribinche aquilo del Batallón Galicia, anque tuvera que firmalo con seudónimo pa despóis poder publicalo. E por eso aquí me teis outra vez, mazando nel teclado, mirando d'avanzar a pesar da falta de sono. Porque —e agora me precató a primeira vez— inda nun te cuntara nada da nena. Nun sein por qué nada máis durme de día. Si. Nada máis de día. De noite nun pode. Ás veces porque é nesas horas cuando ye vén a crisis. El resto, porque, simplemente, nun é quén a pechar os oyo. Heiche cuntar cousas da nena, si. Pro quero tamén compartir contigo os meus descubrimentos d'estos últimos meses. Porque si: volvín a perseguir úa pantasma. Debe haber xente que nun podemos evitalo, que con tal de nun enfrentar a realidá metémonos en andróminas de todas as clases. E todo comenzou cua visita d'un vecín aló pol brao en que decidín instalarme definitivamente aquí.

En realidá conecéralo despóis da publicación del meu libro. Dérame algús detalles máis qu'eu xa nun puidera meter na edición pro que me valiran pa escribir un relato largo que me pedirán da revista *Trabatel*. Eran datos que nun cambiaban miga el libro e que valiran pa confirmarme el acertado das mías hipótesis. Porque anque a historia taba inspirada en feitos reais tuvera tamén qu'inventar muito pa encher os furados de todo aquilo que nun sabía. Esta vez veu con máis datos, con úas libretas, en realidá, que tían esos datos, e qu'atopara había us anos nel sobrado da casa, cuando ye dera por mirar a ver qué podía tirar e qué non. Eu andaba pola parte d'abaxo da casa midindo el prado a pasos porque se m'ocurrira facer alí un xardín inglés con parte dos cuartos da indemnización. A nena durmía nel carricoche, apegada al gran binteiro que ye daba sombra.

—Xa penséin que nun había naide —dixo él, mentres baxa-

ba a costa dende a cancela da entrada. Era grande, alto, el pelo todo branco e de xeitos lixeiros. Chamábase Pedro Alonso.

—Hai, home, hai —dixen eu, espléndido, enérxico, tentando de que nun se me notara que nun durmira en toda a noite.

—¿Vas plantar algo? —perguntou al chegar al altura da nena. E mirou pa ela serio, cun punto d'aprensión e cobardía.

—Algo. Si. Pro antias teño que nivelar —dixen eu mentres salía del prado e chegaba, non sin esforzo, unde él.

Démonos a mao e despois convidéino a seguirme hasta el garaxe, unde tía algúas cervezas. Decidín nun mover a nena, nun fora qu'espertara.

Debaxo del augueiro, unde inda resistían dous níos d'andulía, había dúas siyas e sentamos nelas.

—Deseguida van chegar os osos a Valdalbeiro —dixo él pensativo, mentres miraba, concentrado noutra cousa, el paisaxe que tíamos delante, e que s'espurría todo al redor del río Navia hasta dar, al fondo, cua serra del Valledor. Era un día sin nubes, polo qu'eu xa puidera ver salir el sol por detrás del pico Busabeirón, y agora podía velo marchar camín da Fonsagrada.

—¿Cómo? ¿Osos? ¿Hai osos por aquí? —perguntéin eu, confundido. Botéin un papado á cerveza e cuase a teño que cuspir del calente que taba. Él, sin embargo, tomábala sin problema. Nun sein se por nun facerme un desprecio.

—Si, nenín, si —dixo él—. Xa os viron por Silvañá y axina os ides ver aquí.

Iba mirar pa él por se me taba dicindo mentira pro, d'arralón, chegóume un ruxido del carricoche da nena. Quedéin paralizado, cuasemente sin respirar. Durou us segundos, nos que din por acababa a conversación. Así e todo, al cabo nada. A nena seguíu durmindo.

—¿Y únde é Valdalbeiro? —perguntéin eu, despois de recuperar a calma. Us anos atrás facera un trabayo de recoyida toponímica y estrañábame nun saber d'ese nome.

A NOVELA DE DOMINGO ALONSO
DE MAGADÁN

Fora al pouco de pasar por delante da casa nova de Linera, levantada nada máis qu'úa doceca d'anos atrás, cuando parecera aquela muyer e dixerá aquilo que tanto ye iba dar que pensar andando el tempo:

—¡Ay nenín! nun sein se valiría máis deixar que quedaran con todo.

Domingo acababa de salir da casa e, d'a cabalo d'un exemplar novo e manso que ye deixaran na casa de Sánchez, subía camín de Vitos pa puerse al servicio da Xunta Suprema. Por qué el escoyeran a él, habendo como había en Grandas outros escribanos, tan bos ou miyores qu'él, nun lo sabía. Pro el sou primo el alcalde fora claro: nun perdas tempo e tira p'arriba el máis axina que podas. Inda nun era día, cuando se despedíu nel corral da casa de Catalina, a muyer, e da súa fiya María. E despedíuse tamén —ou alomenos eso quixo pensar él— del esmolemento que de repente yes asomara a os oyos e qu'él nunca yes vira. Porque... ¿qué era a guerra pa todos elos daquela? Nada. Un asunto d'honor. Un adivertimento. Porque... ¿qué sabían elos da guerra daquela? Nada. Nunca a viviran.

Alomenos Domingo nun botara andar con outro ánimo qu'él puramente profesional, como quen vai rematar un testamento á casa d'un home que xa se ve morrer e quer deixalo todo ben amañado. E figurábaseye qu'este trabayo sería algo parecido. El única diferencia era, pensaba Domingo al deixar atrás os últimos castañeiros que daban sombra á capiya del Carmen, que mentres nun caso eran os mortos os que decidían sobre os vivos, nel outro eran os vivos os que decidían sobre os mortos.

E tía ganas tamén —¿por qué non?— de conocer a aque-

los homes, que noutra época chamaran ilustrados. ¡Ai! ¡Cuánto tempo e penas botara él na súa mocedad pensando nos ideais da Ilustración! Pensando e debatindo e, ás veces, dedicando el día a decidir sobre úa cuestión que, al cabo, nun ye competía. Y agora dicían que todo eso trouxera a guerra. Francia, ou francés, qu'hai anos, naqueles anos cargados d'expectativas, representaba el máis avanzado d'aquel tempo, era agora senónimo de caos, derrota e morte. Anque él se seguía considerando, de algún xeito, ilustrado, había muito tempo que nun pensaba naquel interés antigo pola Ilustración. E, agora, cuando pensaba, cuase qu'era capaz de sentir a ilusión y a enerxía d'aquelos tempos. E, tamén, un pouco de pesar porque nun se comprometera máis entoncias. Él, agora, neste ano dez del século novo, el dezanove, iba xa pa veyo: taba xa pa facer os 65 e seguramente nun taba p'aventuras como aquela.

Pro quería, tamén, precatóuse cuando, pasada A Farrapa, xa avistaba Cereixeira, cuas súas grandes estensióis de carbayos e budueiras, ver se daquén ye podía dar razón d'Ibáñez, del que nun volvera a saber nada dende qu'empezara a guerra. Paróu alí, unde nacía el camín hacía Robledo, por mor de descansar un pouco el corpo. Agora xa ch'era todo chaira hasta Vitos —máis ou menos— e parecíaye qu'el camín iba ser máis levadeiro. Buscóu el augua e bebéu ben d'ela. E despois sacóu un cantelo de pan y el toucín qu'a muyer ye metera. Comendo alí, de pé, e mirando pás terras de máis aló del Agüeira, pa os sous queridos Ozcos, e deixándose de paso calecer por un candelo, deu en recordar en cómo recuperara el contacto col sou amigo Raimundo, despois d'aquelos poucos anos nos que coincidiran na escola.

Escribíraye él, Raimundo, por ver se Domingo ye podía facer un recado. El caso é qu'había un tal Tomás López de Vargas, de Madrid, qu'andaba facendo mapas de toda a Península. E quería que daquén ye mandara datos de Grandas. Quixo encargaryo al cura, Xuan Antón García Martínez, como facera en

tantos sitios, pro desta Raimundo faláraye d'un compañeiro sou, de tan boas luces que taba seguro de que ye iba facer el miyor trabayo posible. El tal López de Vargas aceptóu porque al mes ou así chegóuye d'él outra carta. Y así foi cómo Domingo se botóu a andar os camiós de Grandas y os carreiros como aquel qu'el debía levar a Vitos.

Había tempo, sin embargo, que nun lo andaba, y al pasar cerca de Llandepereira, descubríu qu'algúas cousas cambiaran. ¿Únde taban alí os carbayos que naquel outro tempo tanto admirara? ¿Únde os castañeiros que naquel largo camín el acompañaran? Recordóu entoncias aquela outra guerra non declarada, a qu'enfrentóu al grandalés Álvarez da Braña col santallés Bravo y Bermúdez, da casa da Pruida. Por aquela época muito se cartiaran tamén, él e Raimundo, interesado como sempre este último en apoiar os proyectos máis avanzados del país. El qu'Álvarez da Braña quería pa Grandas era erguer úa fábrica d'olas de ferro, que facera tamén cravos e todo el que faera falta. Sin embargo, Bravo y Bermúdez fezo todo el posible por impedirlo. Decía que d'ese xeito iban acabarye cuas reservas de madera das súas propias fundicións de Santalla.

Pro Bravo y Bermúdez acabóu cúas súas igualmente, como taba comprobando agora Domingo nel sou viaxe camín de Vitos. Nesto sentíu un dolor, forte e prolongado como se ye tuveran arrincando algo e tuvo a pique d'ir del lombo del caballo. Xa tán aquí outra vez, díxose mentres botaba as maos al bandougo. As pedras del demonio. Era este un mal que padecera sou padre y el padre de sou padre antias e que Domingo daba por suposto qu'iba matalo a él tamén. Baxóu del caballo e deitouse encima d'úas uces por entre as qu'asomaban algúas arandeiras. Alí tumbado, mirando pal célo sin velo realmente, deu en pensar nel época na que percorrera todos esos camiós e nos devezos que tuvera que superar. Devezos de seguir outro camín, claro. Ese clas de devezos. Nun sabía por qué, pro sempre

EN BUSCA D'ANDRÉS ÁLVAREZ SAN MARTÍN

Yeso era todo el que recordaba d'aquelo que puidera ler, e qu'acababa así, abruptamente, como se ye faltaran as foyas del final. Tardara muito en escribilo porque a nena, a pesar de ser día, espertara a cada pouco. A pesar de ser día porque, últimamente, parecérame qu'era de día cuando máis durmía. Pro este día nun pasara así ou nun pasara hasta que decidín recitarme el qu'iba recordando e despóis lerye el qu'iba escribindo. Y entoncias si a nena caéu rendida, e tuvo durmindo muito máis tempo del que ye vira nunca durmir. ¿E nun dixeran os médicos que cada vez iba ser peor, que cada vez iba durmir menos y, a pouco y a pouco, iba ir fallándoye un órgano e despóis el outro? Tamén é verdá que dixeran que d'esta enfermédá pouco sabían, el orixe xenético —parece ser que d'úa familia del este d'Europa— e que nun tía cura.

Al acabar de trescribir el que, ás carreiras, lera naquela casa hasta que todo comezara a arder, coyín el carricoche e tiréin cua nena camín da fonte porque precisaba pensar qué facer a partir d'agora. Nin sequera comera al chegar del Mazo porque tía medo d'escaecer todo el que lera. Obsesionado por esa lectura, nun sería hasta muito tempo despóis cuando me precatara del peligro que correra, eu y a nena. Al chegar al cabildro da igreia sentéin nel escano de madeira qu'alí había e que muito servicio yes facía a os pelegriós qu'alí acampaban pa pasar a noite. Dende alí, con todo en silencio, nada máis se sentían as aspas dos molíos de vento encima del Zarro y el torrente excesivo, cargado de mil regueiros, da fonte. Tamén chegaba hasta min —e, cuidado, hasta a nena— el ladrido d'un can da casa de García y el canto inmisericorde dos galos, galos por todas par-

tes. De repente, úa raela alumóu el feixe de foyas qu'escibira e que trouxera hasta a fonte. E tan repentinamente como chegou volvéu a marchar.

El primeiro que tía que facer era averiguar qué era verdá e qué ficción naquela *Historia verdadera da morte repentina del famoso fidalgo don Raimundo Ibáñez, natural de Santalla e marqués de Sargadelos*, qu'escibira el tal Rosendo María Alonso de Magadán a partir dos diarios de sou padre Domingo Alonso de Magadán. Recordéin entoncias que, muitos anos atrás, cuando inda sentía pasión por estas cousas, un amigo meu, profesor d'instituto en Navia, dixérame qu'el cronista oficial da Veiga era el mayor especialista en literatura asturiana del XIX. Así qu'era hasta alí hacía unde tía qu'ir en cuanto amañara un problema cua casa. Aquela mañá citara a os que tían que vir nivelar el tarrén de delante da galería.

Y aquilo, aquel obra na parte d'atrás da casa, que tanto m'entretuvera noutro tempo, e tanto m'animara, pesábame agora por todo el tempo que taba perdendo dando instruccióis aquí y aló, esplicando os árboles xa chantados que tían que salvar e cómo quería que quedara el nivel del tarrén a esquerda e dereta. Notaba nos operarios úa curiosidá qu'intrepretéin como sana, curiosidá por saber pa qué quería aquel home, aquel rapaz cuase, ter alí, na parte d'atrás da casa, aquel tarrén nivelado que facía que toda a finca parecera el outeiro unde asoma un castelo. Escuitaban as ordes con fascinación e despóis puíanse a trabayar como se formaran parte d'un proxecto enigmático que fora cambiar a historia del mundo.

Cuando acabaron de quitar os arbolíos e trasplantalos a dúas grandes macetas, y el topógrafo, ou el que fora, acabara de tomar todas as medidas pa volver outro día a rematar el obra, era xa de noite e xa nun me quedaba outra que prepararme p'afrontala el miyor posible. A nena seguira durmindo mentres eu conversaba aquí y aló con aqueles homes. Todo

GUÍA DE PERSONAXES REALES

MANUEL ABAD QUEIPO (1751-1825), nacido en Vilarpedre, marchóu de ben neno pa Cataluña, unde sacóu a carreira eclesiástica. A partir de 1779, tuvo algús cargos en América. En 1810 nomáronlo obispo de Valladolid-Michoacán. Antias, en 1808, conocera en París a Alexandro Von Humboldt, al que regalóu úa copia dos sous escritos, qu'el eminente prusiano citóu nel sou *Ensayo político sobre el reino de la Nueva España*.

DOMINGO ALONSO DE MAGADÁN, escribano nacido en Grandas que debéu vivir entre últimos del XVIII e primeiros del XIX.

JOSÉ ÁLVAREZ DA BRAÑA, natural de Grandas, promovéu a últimos del XVIII un proyecto pa instalar nel conceyo úa fábrica d'olas de ferro colado, alambres, placas e caldeiras.

Andrés Álvarez San Martín, nacido en Cova hacía 1770, foi mayordomo da parroquia de San Bartolo de Monteseiro. Fiyo de Juan Álvarez San Martín e d'Esencia d'Ibias, que casaron en Vilabol en 1730 pa despóis vivir en Cova.

ANDRÉS BRAVO Y BERMÚDEZ, meirazo da casa da Pruida de Santa-lla, fundóu a finais del XVIII a Compañía da Vega de Ribadeo.

MIGUEL BRAVO, canteiro de Salime.

FRANCISCO FERNÁNDEZ COTARELO, canteiro de Nogueiróu.

JUAN ANTONIO GARCÍA MARTÍNEZ, cura de Grandas, corresponsal e, polo tanto, autor dos testos que José Antonio Martínez Marina fora xuntando pal sou diccionario xeográfico histórico al cabo inédito.

FRANCISCO ANTONIO LOMBARDERO, nacido en Santalla en 1769 e primo d'Antonio Raimundo Ibáñez, seguíu a xenial familia de reloxeiros, que morréu col sou fiyo Antonio María.

TOMÁS LÓPEZ DE VARGAS (1730-1802), autor del primeiro atlas

xeográfico d'España. Pa facelo, encargóu a corresponsales locais, normalmente curas, que ye apurriran información.

JUAN ANTONIO MAGADÁN, alcalde y xuez de Grandas

PEDRO MARTÍNEZ, hospitaleiro de Grandas, al qu'os vecíos poin pleito por, según elos, nun atender el albergueiría nin facer escola nela, a pesar de que, pa eso, tía 400 reales pa contratar maestro cuatro meses al ano.

MATÍAS MENÉNDEZ DE LUARCA, presidente da Xunta Suprema d'Asturias. Nacido en L. Luarca, foi representante d'este conceyo na Xunta Xeneral entre 1792 e 1815. Foi tamén nela procurador xeneral.

ANTONIO MENÉNDEZ FLÓREZ, vocal da Xunta Suprema.

PEDRO MIRANDA FLÓREZ, vocal da Xunta Suprema.

FRANCISCO DE MON, escribano en Grandas.

LEONILA PÉREZ ÁLVAREZ (1927-2013), herdeira inesperada dos Álvarez San Martín al marchar todos os sous irmaos mayores y hasta súa madre al Arxentina. Vivíu en Cova hasta que, a últimos dos sesenta, foi marchando toda a familia hacía os centros industriais puxantes del este núa tendencia da que participóu toda a comarca. Os sous fijos son os últimos nacidos na casa de Cova.


PABLO RON, escultor instalado en Madrid a empezos del siglo XVIII, probable alumno de Pedro Alonso de los Ríos. Entre as súas obras figuran a siyeiría de coro da Mercé da Calzada e úa imaxen na igrexa del convento d'Atocha.

PATRICIO DE SOTO, fidalgo de Penafonte.

ANTONIA TESTA SINDIÑA (1876-1950), A Tía Antoña de Cova. Ben conocida na comarca pola súa capacidade pa curar enfermidades y atopar animais perdidos. Vivira muitos anos nel Arxentina, unde aprendera, entre outras cosas, a receta pa elaborar espaguetis.

LORENZO VILLANUEVA, secretario da Xunta Suprema.

MAPAS



El viaxe de Domingo Alonso de Magadán a Santolín (1).

* Mapas: Francisco Martínez Marina, *Papeles para el Diccionario geográfico-histórico de Asturias*, edición de Florencio Frieria Suárez, Oviedo: KRK, 2019.



El viaxe de Domingo Alonso de Magadán a Santolín (2).

ÍNDIZ

El amigo de Raimundo Ibáñez	11
A novela de Domingo Alonso de Magadán	87
En busca d'Andrés Álvarez San Martín	163
Guía de personaxes reais	231
Mapas	235
Agradecementos	239